

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**8429** *Real decreto 330/2016, do 9 de setembro, relativo a medidas para reducir o custo do despregamento das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.*

Segundo datos da Comisión Europea, os traballos de obra civil ascenden como media na Unión Europea a un 80% do custo total do despregamento das redes de comunicacións electrónicas, o que obriga a adoptar medidas que contribúan ao cumprimento dos obxectivos plasmados na Axenda Dixital para Europa aprobada no ano 2010 e na Axenda dixital para España, aprobada polo Goberno en febreiro do ano 2013, mediante a redución de tales custos.

A Directiva 2014/61/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa a medidas para reducir o custo do despregamento das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, introduce previsións que, en liña cos obxectivos de promoción do despregamento de redes e fomento do investimento eficiente en materia de infraestruturas, plasmados no artigo 3 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, pretenden reducir os custos dos traballos de obra civil relacionados co despregamento de redes de comunicacións electrónicas, mediante o establecemento de dereitos de acceso a infraestruturas físicas existentes, a coordinación de obras civís e a mellora no acceso á información sobre infraestruturas existentes, obras civís previstas e procedementos aplicables á concesión de permisos.

A Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, particularmente no seu artigo 45, e a normativa española sobre infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións, establecida mediante o Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación e a súa normativa de desenvolvemento, incorporan ao ordenamento xurídico español as previsións da Directiva 2014/61/UE, en relación coa infraestrutura física no interior do edificio.

Mediante este real decreto traspóñense os restantes preceptos da mencionada directiva e desenvólvense determinados artigos da Lei xeral de telecomunicacións, dirixidos a facilitar o despregamento de redes, para que os operadores que instalan ou explotan redes de comunicacións electrónicas poidan ofrecer aos usuarios servizos máis innovadores, de maior calidade e cobertura, a prezos competitivos e con mellores condicións.

O capítulo I de disposicións xerais recolle o obxecto e ámbito de aplicación do real decreto, co que se pretende facilitar e incentivar o despregamento de redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, incluíndo tanto redes fixas como móbiles capaces de prestar servizos de acceso de ao menos 30 Mbps (incluíndo, entre outras, tecnoloxías como FTTH, HFC ou LTE) a través do fomento da utilización conxunta das infraestruturas físicas existentes e do despregamento máis eficiente doutras novas, de maneira que resulte posible despregar esas redes a un menor custo.

O capítulo II regula o dereito de acceso dos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ás infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes públicas de comunicacións electrónicas de alta velocidade, establecendo quen son os suxeitos obrigados a prestar o dito acceso, o contido das solicitudes de acceso, o prazo para negociar a dita solicitude e os principios e elementos que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá ter en conta á hora de resolver os conflitos que se poidan presentar. O capítulo II complétase co establecemento de medidas de transparencia que permiten que os operadores que instalan ou explotan redes de comunicacións electrónicas poidan dispor de información mínima en relación coas infraestruturas existentes, co fin de poderen exercer o seu dereito de acceso a elas.

O establecido no capítulo II, de acordo co disposto pola Directiva 2014/61/UE, debe ter en conta o principio de *lex specialis*: cando sexan de aplicación medidas reguladoras máis específicas conformes co dereito da Unión, estas deben prevalecer sobre os dereitos e obrigacións mínimos previstos na citada directiva. Por tanto, este real decreto debe entenderse sen prexuízo do marco regulador da Unión relativo ás comunicacións electrónicas establecido na Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, así como na Directiva 2002/19/CE do Parlamento Europeo e do Consello, a Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, a Directiva 2002/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e a Directiva 2002/77/CE da Comisión, incluídas as medidas nacionais adoptadas de conformidade co dito marco regulador, como as medidas reguladoras específicas simétricas ou asimétricas.

O capítulo III, relativo á coordinación de obras civís susceptibles de aloxar redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, establece a obrigación de atender, en condicións transparentes e non discriminatorias, as solicitudes de coordinación daquelas, sempre que estas fosen financiadas con recursos públicos. Corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a resolución dos posibles conflitos.

Así mesmo, recóllense neste capítulo III medidas de transparencia en relación coa publicidade das obras civís previstas, e a obrigación establecida na directiva de que esa información sexa transmitida a un punto de información único, que permita que sexa posta á disposición dos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas de alta velocidade, de maneira centralizada.

O capítulo IV, pola súa parte, establece medidas dirixidas a garantir a maior brevidade posible na resolución dos procedementos de concesión de permisos ou licenzas relacionados coas obras civís necesarias para despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade de modo que, sen prexuízo do disposto na Lei xeral de telecomunicacións en materia de colaboración das administracións públicas no despregamento de redes e de utilización da declaración responsable na tramitación de permisos, se reduza a catro meses o prazo de resolución dos procedementos relacionados con tales obras.

Así mesmo, en desenvolvemento do establecido no artigo 35.8 da Lei xeral de telecomunicacións, o capítulo IV deste real decreto regula o acceso dos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas á información pertinente relativa ás condicións e aos procedementos aplicables á instalación e ao despregamento de redes de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados, de modo que esa información estea dispoñible a través dun punto de información único.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ao Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información. Así mesmo, o proxecto conta co informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e foi sometido a trámite de audiencia pública e ao informe do Consello de Estado.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, por suplencia do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de setembro de 2016,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto a incorporación ao ordenamento xurídico español de diversas disposicións contidas na Directiva 2014/61/UE, do 15 de maio de 2014, relativa

a medidas para reducir o custo do despregamento das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

2. Mediante este real decreto desenvólvense os artigos 35 a 38 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, no relativo ao acceso a infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, coordinación de obras civís e publicación de información sobre concesión de permisos.

3. Mediante este real decreto regúlanse os dereitos e obrigacións relativos aos accesos a infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas, de modo que se facilite o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

4. Este real decreto establece medidas en relación coa coordinación de obras civís para facilitar o despregamento de elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

5. Este real decreto establece medidas de transparencia en relación coas condicións e cos procedementos aplicables á concesión de permisos para a instalación e o despregamento de redes de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados e fixa un prazo máximo para a resolución das solicitudes de concesión de permisos en relación coas obras de civís necesarias para despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplícase ás infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes públicas de comunicacións electrónicas de alta velocidade e ás obras civís relativas a tales infraestruturas.

2. O ámbito de aplicación das medidas contidas no artigo 9 esténdese á información relativa á instalación e ao despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados.

3. O acceso á infraestrutura física no interior dun edificio susceptible de ser utilizada para o despregamento dos tramos finais de redes públicas de comunicacións electrónicas rexerese pola súa normativa específica.

4. As medidas a que se refire este real decreto entenderanse sen prexuízo das obrigacións que se poidan impor en virtude do disposto no artigo 13 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, a operadores con poder significativo no mercado, e no artigo 32 da dita lei en relación coa localización e co uso compartido da propiedade pública e privada. Neste sentido, nos casos en que a solicitude de acceso se produza sobre unha infraestrutura xestionada ou cuxa titularidade ou dereito de uso corresponda a un operador de comunicacións electrónicas suxeito a obrigacións motivadas polos artigos 13 e 14 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, o acceso a esas infraestruturas físicas será coherente con tales obrigacións e a introdución de procedementos e tarefas novas basearanse nas xa existentes.

#### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, aplicaranse as seguintes definicións:

1. Infraestrutura física: calquera elemento dunha rede pensado para albergar outros elementos dunha rede sen chegar a ser un elemento activo dela, como tubaxes, mastros, condutos, cámaras de acceso, bocas de inspección, distribuidores, edificios ou entradas a edificios, instalacións de antenas, torres e postes. Os cables, incluída a fibra escura, así como os elementos de redes utilizados para o transporte de auga destinada ao consumo humano, definida esta última segundo o establecido no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, non son infraestrutura física no sentido deste real decreto.

2. Rede de comunicacións electrónicas de alta velocidade: rede de comunicacións electrónicas, incluídas tanto redes fixas como móbiles, capaz de prestar servizos de acceso de banda larga a velocidades de ao menos 30 Mbps por abonado.

3. Obras civís: cada un dos resultados das obras de construción ou de enxeñaría civil tomadas en conxunto que se basta para desempeñar unha función económica ou técnica e implica un ou máis elementos dunha infraestrutura física.

4. Obras financiadas con recursos públicos: obras civís en que se cumpra algunha das seguintes condicións:

- a) Que a promovesen ou executasen administracións públicas ou empresas públicas.
- b) Que a empresa que a promova ou execute fose contratada polo sector público.
- c) Que empresa que a promova ou execute recibise diñeiro público ou outro tipo de axuda pública económica ou financeira para a súa execución.
- d) Que teñan a consideración de axudas de Estado consonte o artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
- e) Que se realice en terreos de titularidade pública que fosen cedidos para albergar a dita obra civil.

5. Suxeitos obrigados: os seguintes propietarios, xestores ou titulares de dereitos de utilización de infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes públicas de comunicacións electrónicas de alta velocidade:

a) Operadores de redes que proporcionen unha infraestrutura física destinada a prestar un servizo de produción, transporte ou distribución de:

- i. Gas.
- ii. Electricidade, incluída a iluminación pública.
- iii. Calefacción.
- iv. Auga, incluídos os sistemas de saneamento: evacuación ou tratamento de augas residuais e a rede de sumidoiros e os sistemas de drenaxe. Non se inclúen dentro desta definición os elementos de redes utilizados para o transporte de auga destinada ao consumo humano, definida esta última segundo o establecido no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

b) Operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público. Quedan expresamente excluídas do ámbito deste real decreto as redes privadas de comunicacións electrónicas.

c) Empresas que proporcionen infraestruturas físicas destinadas a prestar servizos de transporte, incluídos os ferrocarrís, as estradas, os portos e os aeroportos, incluídas ás entidades ou sociedades encargadas da xestión de infraestruturas de transporte de competencia estatal.

d) As administracións públicas titulares de infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas.

## CAPÍTULO II

### **Acceso a infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade**

Artigo 4. *Acceso a infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.*

1. Os dereitos e as obrigacións a que se refiren os números seguintes aplícanse aos suxeitos obrigados enumerados no artigo 3.5.

2. Os suxeitos obrigados deberán atender e negociar as solicitudes de acceso á súa infraestrutura física co obxecto de facilitar o despregamento de redes de comunicacións

electrónicas de alta velocidade. Nos casos en que a solicitude de acceso se produza sobre unha infraestrutura xestionada ou cuxa titularidade ou dereito de uso corresponda a un operador de comunicacións electrónicas suxeito a obrigacións motivadas polos artigos 13 e 14 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, o acceso a esas infraestruturas físicas será coherente con tales obrigacións e a introdución de procedementos e tarefas novas basearase nas xa existentes.

3. Cando un operador que instale ou explote redes públicas de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público realice unha solicitude razoable, por escrito, de acceso a unha infraestrutura física a algún dos suxeitos obrigados, este estará obrigado a atender e negociar tal solicitude de acceso en condicións equitativas e razoables, en particular en canto ao prezo, con vistas ao despregamento de elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

4. A solicitude de acceso deberá especificar, como mínimo:

- a) Motivo de acceso á infraestrutura.
- b) Descrición de elementos que se despregarán na infraestrutura.
- c) Prazo en que se produza o despregamento na infraestrutura.
- d) Zona en que se ten intención de despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.
- e) Declaración de confidencialidade en relación con calquera información que se reciba como resultado do acceso á infraestrutura.

5. Non se estará obrigado a negociar o acceso en relación con aquelas infraestruturas vinculadas coa defensa nacional ou coa seguridade pública, ou cando teñan a consideración de críticas en virtude da Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas. Neste último caso, para a negociación do acceso a esas infraestruturas será preceptivo o informe da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.

6. De acordo co establecido no artigo 37.1 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, o acceso a infraestruturas de titularidade das administracións públicas non poderá ser outorgado ou recoñecido mediante procedementos de licitación.

7. Calquera denegación de acceso deberá xustificarse de maneira clara ao solicitante, no prazo máximo de dous meses a partir da data de recepción da solicitude de acceso completa, expondo os motivos en que se fundamenta. A denegación deberase basear en criterios obxectivos, transparentes e proporcionados, tales como:

a) A falta de idoneidade técnica da infraestrutura física á cal se solicitou acceso para albergar calquera dos elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade. Os motivos de denegación baseados na falta de adecuación técnica da infraestrutura serán determinados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo mediante orde, logo de informe do departamento ministerial con competencia sectorial sobre a dita infraestrutura.

b) A falta de dispoñibilidade de espazo para acoller os elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, incluídas as futuras necesidades de espazo do suxeito obrigado, sempre e cando isto quede suficientemente demostrado.

c) Os riscos para a defensa nacional, a seguridade pública, a saúde pública, a seguridade viaria ou a protección civil.

d) Os riscos para a integridade e a seguridade dunha rede, en particular das infraestruturas nacionais críticas, sen prexuízo do disposto no número 5.

e) Os riscos de interferencias graves dos servizos de comunicacións electrónicas previstos coa prestación doutros servizos a través da mesma infraestrutura física.

f) A dispoñibilidade de medios alternativos viables de acceso á infraestrutura de rede física por xunto facilitados polo suxeito obrigado e que sexan adecuados para a subministración de redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, sempre que ese acceso se ofrezca en condicións xustas e razoables.

g) Garantir que non se comprometan a continuidade e a seguridade da prestación dos servizos que na dita infraestrutura realiza o seu titular, de acordo co previsto no artigo 37, números 1 e 2, da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

8. Calquera das partes poderá promover o conflito ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cando se denegue o acceso ou cando, transcorrido o prazo de dous meses mencionado no número 7, non se chegue a un acordo sobre as condicións en que este se debe producir, incluídos os prezos, sen prexuízo do posible sometemento da cuestión ante os tribunais.

9. En caso de conflito relativo ao prezo de acceso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixará o dito prezo de maneira que o subministrador do acceso teña oportunidade de recuperar os seus custos de maneira xusta, e terá en conta:

- a) A incidencia do acceso solicitado no plan de negocio do subministrador de acceso.
- b) Os investimentos realizados polo subministrador do acceso, concretamente os investimentos realizados na infraestrutura física á cal se solicita acceso para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas de alta velocidade.
- c) A imposición de solucións anteriores por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- d) As circunstancias características da área xeográfica de que se trate.

10. Sen prexuízo do disposto no número anterior, cando o conflito estea relacionado co acceso á infraestrutura física dun operador de redes públicas de comunicacións electrónicas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá, na resolución do conflito e na fixación de prezos:

a) Tomar en consideración os obxectivos e principios fixados no artigo 3 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

b) Considerar o investimento realizado na infraestrutura física á cal se solicita o acceso, de maneira que se eviten situacións que degraden ou desequilibren a competencia pola falta de investimento de certos operadores cuxo negocio se basee exclusiva ou maioritariamente na utilización de infraestruturas doutros.

c) Ter plenamente en conta a viabilidade económica deses investimentos realizados polo subministrador do acceso en función:

- i. Do seu perfil de risco.
- ii. Do calendario de recuperación do investimento.
- iii. Da incidencia do acceso sobre a competencia en mercados descendentes e, por conseguinte, nos prezos e na recuperación do investimento.
- iv. Da depreciación dos activos da rede no momento da solicitude de acceso.
- v. Do modelo de negocio que xustifique o investimento realizado, en particular nas infraestruturas físicas de recente construción utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas de alta velocidade.
- vi. Da posibilidade de despregamento conxunto que se ofrecese anteriormente ao solicitante de acceso.

11. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, tendo plenamente en conta o principio de proporcionalidade, adoptará, no prazo máximo de catro meses desde a recepción de toda a información, unha decisión para resolvelo, incluída a fixación de condicións e prezos equitativos e non discriminatorios cando proceda.

12. O presente artigo se entenderá sen prexuízo do dereito de propiedade do propietario da infraestrutura física cando o operador non sexa propietario, e do dereito de propiedade de terceiros, como os propietarios de terras e os donos de propiedades privadas.

*Artigo 5. Información mínima relativa a infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas e estudos sobre o terreo.*

1. Co fin de solicitar o acceso a unha infraestrutura física de conformidade co artigo 4, os operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas teñen dereito a acceder, logo de solicitude por escrito en que se especifique a zona en que teñen intención de despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, á seguinte información mínima relativa ás infraestruturas físicas existentes de calquera dos suxeitos obrigados:

- a) Localización e trazado da infraestrutura,
- b) Tipo e utilización desta, describindo o seu grao de ocupación actual,
- c) Punto de contacto a que dirixirse.

2. O acceso á información mínima poderá estar limitado se é necesario por motivos de seguridade e integridade das redes, de seguridade e defensa nacional, de saúde ou seguridade pública, no caso de infraestruturas críticas ou por motivos de confidencialidade ou de segredo comercial ou operativo.

3. Sen prexuízo das limitacións a que se refire o número anterior, os suxeitos obrigados teñen a obrigaón de atender as solicitudes de información mínima relativa ás infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas, e outorgar o acceso á dita información en condicións proporcionadas, non discriminatorias e transparentes, no prazo de dous meses a partir da data de recepción da solicitude.

4. Esta información mínima deberase entregar en formato electrónico, respectando os requisitos definidos no anexo I deste real decreto.

5. Sen prexuízo das limitacións a que se refire o número 2, os suxeitos obrigados teñen a obrigaón de atender as solicitudes razoables de realización de estudos sobre o terreo de elementos específicos das súas infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas. A autorización para realizar estudos sobre o terreo outorgarase no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, que deberá especificar os elementos de rede afectados con vistas ao despregamento de elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

6. As solicitudes de información mínima e as solicitudes de estudos sobre o terreo poderán ser denegadas de maneira xustificada, no caso de infraestruturas nacionais críticas ou de infraestruturas que non se consideren tecnicamente adecuadas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, así como por motivos de defensa nacional, seguridade e saúde pública. Os motivos de denegación baseados na falta de adecuación técnica da infraestrutura serán determinados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo mediante orde, logo de informe do departamento ministerial con competencia sectorial sobre esa infraestrutura. Cando as solicitudes de información mínima ou a solicitude de estudos sobre o terreo teñan por obxecto infraestruturas catalogadas como críticas, o operador que xestione esas infraestruturas, antes de responder a dita solicitude, deberá solicitar o informe da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, que poderá acordar impedir o acceso á información se dela pode derivar afectación á seguridade das ditas infraestruturas ou á seguridade nacional.

7. Transcorridos os prazos a que se refiren os números 3 e 5, sen prexuízo do posible sometemento da cuestión aos tribunais, calquera das partes poderá promover os conflitos que poidan xurdir en relación cos dereitos e obrigaóns establecidos no presente artigo, ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que, tendo plenamente en conta o principio de proporcionalidade, resolverá a diferenza nun prazo máximo de dous meses desde a recepción de toda a información.

8. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá habilitar un punto de información en materia de infraestruturas existentes a través do cal os suxeitos obrigados poderán pór á disposición dos operadores que instalen ou exploten redes de comunicacións

electrónicas información relativa ás súas infraestruturas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

9. Mediante orde ministerial poderase regular a maneira en que os suxeitos obrigados ou o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través do punto de información único, informen sobre o punto de contacto do suxeito obrigado ao cal os operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas lle poidan dirixir a súa solicitude inicial de acceso á información mínima prevista por este artigo.

10. Os operadores que instalen ou exploten redes de comunicacións electrónicas que obteñan acceso a información en virtude do presente artigo adoptarán as medidas adecuadas para garantir o respecto da confidencialidade e o segredo comercial ou operativo.

## CAPÍTULO III

### Coordinación de obras civís

#### Artigo 6. *Coordinación de obras civís.*

1. Todo suxeito obrigado terá dereito a negociar acordos relativos á coordinación de obras civís con operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas, con vistas ao despregamento de elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

2. Os suxeitos obrigados que realicen directa ou indirectamente obras civís total ou parcialmente financiadas con recursos públicos deberán atender e negociar as solicitudes de coordinación de tales obras civís, co obxecto de facilitar o despregamento de redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

3. Para tal fin, cando un operador que instale ou explore redes públicas de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público realice unha solicitude razoable de coordinación das obras a que se refire o número anterior con vistas ao despregamento de elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, os suxeitos obrigados atenderán tal solicitude en condicións transparentes e non discriminatorias.

4. As solicitudes de coordinación de obras civís a que se refire o número 2 aceptaranse sempre que:

- a) Iso non implique ningún custo adicional, incluso a causa de atrasos adicionais, para as obras civís previstas inicialmente;
- b) Non impida o control da coordinación das obras, e
- c) A solicitude de coordinación se presente o antes posible, en particular se se presenta con anterioridade á aprobación do correspondente proxecto e, en calquera caso, ao menos un mes antes da primeira presentación de solicitude de permiso, licenza ou da documentación que a substitúa ante as autoridades competentes.

5. As obrigacións establecidas no presente artigo non se aplicarán en relación coas infraestruturas nacionais críticas e coas obras civís de importancia insignificante. Mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe do departamento ministerial con competencia sectorial sobre as obras, determinarase qué obras se deben entender como de importancia insignificante en termos de valor, tamaño ou duración.

6. O establecido no presente artigo entenderase sen prexuízo do disposto no punto segundo do artigo 36 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, ou de calquera obrigación de reservar capacidade para o despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas, independentemente da existencia ou non de solicitudes de coordinación de obra civil.

7. Cando no prazo dun mes a partir da data de recepción da solicitude formal de coordinación de obras civís non se conseguise un acordo, calquera das partes, sen prexuízo do sometemento da cuestión aos tribunais, poderá promover o conflito ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.



8. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, tendo plenamente en conta o principio de proporcionalidade, adoptará, no prazo máximo de dous meses desde a recepción de toda a información, unha decisión para resolver o conflito, incluída a fixación de condicións e prezos equitativos e non discriminatorios cando proceda.

*Artigo 7. Información mínima relativa a obras civís previstas.*

1. Co fin de negociar os acordos relativos á coordinación de obras civís a que fai referencia o artigo 6, os operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas teñen dereito a acceder, logo de solicitude por escrito, en que se especifique a zona en que teñen intención de despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, á seguinte información mínima relativa ás obras civís relacionadas coa infraestrutura física dos suxeitos obrigados, que estean en curso, para as cales se presentase solicitude de permiso e aínda non se lle concedese ou para as cales se preveña realizar a primeira presentación de solicitude de permiso, licenza ou da documentación que a substitúa ante as autoridades competentes nos seis meses seguintes á presentación da solicitude de coordinación:

- a) Localización e tipo de obra.
- b) Elementos da rede implicados.
- c) Data prevista de inicio das obras e duración destas.
- d) Punto de contacto a que dirixirse.

2. Os suxeitos obrigados poderán limitar o acceso á información mínima se é necesario por motivos de seguridade e integridade das redes, de seguridade e defensa nacional, de saúde ou seguridade pública, de confidencialidade ou de segredo comercial ou operativo.

3. Sen prexuízo das limitacións a que se refire o número anterior, os suxeitos obrigados teñen a obriga de atender as solicitudes de información mínima relativa ás obras civís en curso ou previstas e outorgar o acceso á dita información, en condicións proporcionadas, non discriminatorias e transparentes, no prazo de dúas semanas a partir da data de recepción da solicitude.

4. Esta información mínima deberá entregarse en formato electrónico, respectando os requisitos definidos no anexo II deste real decreto.

5. As solicitudes de información mínima poderán ser denegadas;

- a) Cando a dita información se fixese pública en formato electrónico.
- b) Cando a dita información sexa accesible a través do punto de información único de coordinación de obras civís, que se describe no número 7 do presente artigo.

Así mesmo, as solicitudes de información poderán ser denegadas, de maneira xustificada, no caso das infraestruturas nacionais críticas ou en relación coas obras civís de importancia insignificante, a que se refire o artigo 6.5.

6. Transcorrido o prazo a que se refire o número 3, sen prexuízo do posible sometemento da cuestión aos tribunais, calquera das partes poderá plantear os conflitos que poidan xurdir en relación cos dereitos e obrigacións establecidos no presente artigo, ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia quen, tendo plenamente en conta o principio de proporcionalidade, resolverá a diferenza nun prazo máximo de dous meses desde a recepción de toda a información.

7. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo habilitará un punto de información único de coordinación de obras civís a través do cal os operadores que instalen ou exploten redes de comunicacións electrónicas poderán acceder á información mínima prevista no número 1. Mediante orde ministerial estableceranse, entre outras cuestións, a identificación do enderezo electrónico do punto de información único de coordinación de obras civís, o prazo e as condicións en que os suxeitos obrigados lle deben proporcionar a dita información, a maneira de solicitar electronicamente tal información mínima e as condicións da súa entrega.

8. Para as situacións non previstas no presente artigo, calquera suxeito que teña prevista a realización de obras civís relacionadas coa súa infraestrutura física susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas, de maneira voluntaria, poderá pór á disposición dos operadores que instalen ou exploten redes de comunicacións electrónicas información relativa ás ditas obras a través do punto de información única a que se refire o número 7.

#### CAPÍTULO IV

##### Procedementos de concesión de permisos

Artigo 8. *Medidas aplicables aos procedementos de concesión de permisos de obras civís.*

1. Naqueles supostos en que, de acordo co establecido na Lei xeral de telecomunicacións, se poida exixir a obtención de permisos ou licenzas relativos ás obras civís necesarias para despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, as administracións públicas concederanos ou denegaranos dentro dos catro meses seguintes á data de recepción da solicitude completa.

2. O prazo de catro meses a que se refire o número anterior poderase ampliar, con carácter excepcional, conforme o previsto na normativa do procedemento administrativo común.

3. Sen prexuízo do anterior, así como do disposto na Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, toda denegación de permisos ou licenzas relativos ás obras civís necesarias para despregar elementos das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade deberá estar debidamente xustificada sobre a base de criterios obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionados.

Artigo 9. *Transparencia en materia de procedementos de concesión de permisos.*

1. As administracións públicas deberán publicar na súa páxina web toda a información relativa ás condicións e aos procedementos aplicables para a instalación e despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados.

2. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información establecerá un punto de información único de permisos e licenzas a través do cal os operadores que instalen ou exploten redes públicas de comunicacións electrónicas accederán por vía electrónica a toda a información a que se refire o número anterior.

3. Para os efectos de dar cumprimento ao disposto no número anterior, as administracións públicas deberán comunicar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, no prazo de 6 meses desde a publicación deste real decreto, o enderezo concreto da páxina web en que publican a información a que se refire o número 1. Esta comunicación realizarase electronicamente, a través dun espazo especificamente habilitado na páxina web da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, cuxa dirección, requisitos de autenticación para o acceso e frecuencia de actualización dos datos achegados se especificarán mediante resolución da dita Secretaría de Estado.

4. Mediante orde ministerial, de acordo co disposto no artigo 35.8 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, poderase regular a ampliación do punto de información único mencionado no presente artigo co fin de que os operadores de comunicacións electrónicas poidan presentar, a través del, as solicitudes dos permisos, licenzas ou documentos que os substitúan, necesarios para acometer unha obra civil asociada ao despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas de alta velocidade. As comunidades autónomas e as corporacións locais poderán, mediante a subscripción do oportuno convenio de colaboración co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, adherirse ao punto de información único, conforme o establecido no mencionado artigo.

Disposición adicional primeira. *Obras civís de importancia insignificante.*

Ata a aprobación da orde a que se refire o artigo 6.5 deste real decreto, consideraranse obras civís de importancia insignificante aquelas obras civís que supoñan o despregamento de infraestruturas físicas lineais de menos de 10 metros de lonxitude.

Disposición adicional segunda. *Limiars de solicitudes de información mínima e de solicitudes de acceso a infraestruturas físicas.*

Mediante orde do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderanse fixar os limiars de solicitudes de información mínima e de solicitudes de acceso a infraestruturas físicas susceptibles de albergaren redes de comunicacións electrónicas que un suxeito obrigado debe atender mensualmente.

Nos casos en que a solicitude de acceso se produza sobre unha infraestrutura xestionada ou cuxa titularidade ou dereito de uso corresponda a un operador de comunicacións electrónicas suxeito a obrigacións motivadas polos artigos 13 e 14 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, os limiars anteriores determinaranse respectando aqueles que xa foron fixados debido á aplicación das ditas obrigacións para a infraestrutura concreta.

Disposición adicional terceira. *Control do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional cuarta. *Normativa sectorial.*

En relación co tratamento dos ingresos percibidos polos titulares das infraestruturas no exercicio da actividade como consecuencia do disposto neste real decreto, observarase o disposto na lexislación sectorial correspondente.

Disposición transitoria única. *Coordinación de obras civís para as cales se presentase a solicitude de permisos.*

O establecido no capítulo III deste real decreto non se aplicará ás obras civís para as cales se presentase solicitude de permiso ou licenza ou documentación que a substitúa ante as autoridades competentes, con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación.*

Modifícase o artigo 2.1.a) do Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación, aprobado polo Real decreto 244/2010, do 5 de marzo, que queda redactado como segue:

«a) Cualificación técnica adecuada.

Entenderase que dispón dunha cualificación técnica adecuada calquera persoa física que teña a consideración de profesional competente. Así mesmo, entenderase que unha persoa xurídica dispón dunha cualificación técnica adecuada cando teña esa consideración un dos titulares da empresa cunha participación igual ou superior ao 20% do capital social, ou un membro do cadro de persoal cunha dedicación mínima efectiva de catro horas ao día ou vinte horas semanais.

Será profesional competente o que estea nunha das seguintes situacións:

a. Dispor dun título universitario ou de formación profesional cuxo plan de estudos conteña as materias propias da actividade de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.

b. Dispor dun certificado de profesionalidade que acredite competencias profesionais incluídas no Catálogo nacional de cualificacións profesionais relativas á actividade de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.

c. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral ou por vías non formais de formación, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, en materias propias da actividade de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información aprobará e fará públicos os tipos de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación que se poden prestar por razón das competencias acreditadas, ou do certificado de profesionalidade ou título académico de que se dispoña.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/61/UE, do Parlamento e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa a medidas para reducir o custo do despregamento das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade, con excepción dos seus artigos 8 e 9.

Disposición derradeira terceira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe competencia exclusiva ao Estado en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Autorízase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.
2. Mediante orde ministerial poderán introducirse variacións no formato de información mínima descrito nos anexos I e II.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de setembro de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
P. S. (Real decreto 160/2016, do 15 de abril),  
O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO

## ANEXO I

### Información mínima relativa a infraestruturas físicas susceptibles de aloxaren redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade

1. Localización e trazado: defínese como un punto de inicio, un de fin e unha serie de puntos intermedios, expresados todos eles nas coordenadas do sistema establecido no Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España. A localización deberá ser expresada, alternativamente, de dúas maneiras distintas, dependendo dos casos expostos a continuación:

a) Contorno urbano: deberanse proporcionar as coordenadas para o punto de inicio e o punto final da infraestrutura, así como para cada un dos vértices que esta presente, entendendo como tales aqueles puntos en que a infraestrutura presente un cambio de dirección con respecto ao tramo anterior desta.

b) Contorno rural: deberanse dar as coordenadas para o punto de inicio da infraestrutura, o punto final desta e de puntos intermedios ao menos cada quilómetro.

2. Tipo e utilización da infraestrutura: este campo refírese ao servizo que se cobre mediante a infraestrutura física susceptible de aloxar redes de comunicacións electrónicas, así como se esta está proporcionando algún servizo de maneira activa no momento de solicitar a información.

3. Grao de ocupación: expresarase se na infraestrutura física queda ou non espazo libre.

4. Punto de contacto: proporcionarase, ao menos, un número de teléfono e un enderezo de correo electrónico que permita a un operador que instale ou explote redes públicas de comunicacións electrónicas establecer contacto co suxeito descrito no artigo 3 que sexa responsable da infraestrutura física descrita pola información mínima.

## ANEXO II

### Información mínima relativa ás obras civís previstas

1. Localización e trazado: defínese como un punto de inicio, un de fin e unha serie de puntos intermedios, expresados todos eles nas coordenadas do sistema establecido no Real decreto 1071/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España. A localización deberá ser expresada, alternativamente, de dúas maneiras distintas, en función do tipo de solo definido no Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana:

a) Solo urbanizado: deberanse proporcionar as coordenadas para o punto de inicio e o punto final da infraestrutura, así como para cada un dos vértices que esta presente, entendendo como tales aqueles puntos en que a infraestrutura presente un cambio de dirección con respecto ao tramo anterior desta.

b) Solo rural: deberanse dar as coordenadas para o punto de inicio da infraestrutura, o punto final desta e de puntos intermedios ao menos cada quilómetro.

2. Tipo e utilización da infraestrutura: ese campo refírese ao servizo que se pretende cubrir mediante a construción da infraestrutura física susceptible de aloxar redes de comunicacións electrónicas.

3. Elementos de infraestrutura física implicados: este campo deberá especificar qué elementos de obra civil está previsto que se instalen. Isto debe indicar a presenza de tubos, torres, postes, mastros, instalacións de antenas, condutos, caixas, cámaras, arquetas, bocas de inspección, armarios e calquera recurso asociado que permita aloxar redes de comunicacións electrónicas.

4. Datas: débese proporcionar unha previsión de data de inicio e de data de fin en que se execute a obra. Tamén se informará sobre a data en que se realizará a primeira presentación de solicitude de permiso, licenza ou da documentación que a substitúa ante as autoridades competentes.

5. Punto de contacto: proporcionarase, ao menos, un número de teléfono e un enderezo de correo electrónico que permita a un operador que instale ou explote redes públicas de comunicacións electrónicas establecer contacto co suxeito descrito no artigo 3 que sexa responsable da infraestrutura física descrita pola información mínima.